

C.- Os factores condicionantes da actividade agraria

C.1.- Cales son os **factores condicionantes** da actividade agraria? (páx. 120 e 122)

- Os **factores condicionantes** das actividades agrarias son:

- Factores físicos: as actividades agrarias teñen unha gran dependencia da natureza. Por iso están condicionadas por factores como o clima, o relevo, o solo, e a vexetación natural.


- Factores humanos: o crecemento da poboación, o distinto grao de desenvolvemento tecnolóxico, a distinta organización social ou económica e as políticas agrarias inflúen sobre a actividade agraria e incluso poden corrixir os condicionantes naturais.



C.2.- Factores físicos condicionantes da actividade agraria

C.2.1- Completa o quadro para indicar os factores físicos máis desfavorables e máis favorables para as actividades agrarias.

Factores físicos	Máis desfavorables para as actividades agrarias	Máis favorables para as actividades agrarias
Clima		
Relevo		
Solo		
Vexetación natural		



Factores físicos	Máis desfavorables para as actividades agrarias	Máis favorables para as actividades agrarias
<p>Clima</p> <p>Cada cultivo adáptase mellor a certas condicións climáticas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - As temp. extremas ($< 0^{\circ}\text{C}$ ou $> 45^{\circ}\text{C}$) e as precip. moi escasas fan difícil ou mesmo imposible a agricultura. - Precip. moi abundantes: solos pouco fértiles. 	<ul style="list-style-type: none"> - As temp. menos contrastadas e as precip. moderadas ou abundantes dos climas temperados ou dalgunhas zonas tropicais facilitan a agricultura.



Factores físicos

Máis desfavorables para as actividades agrarias

Máis favorables para as actividades agrarias

Relevo

Relevos montañosos:



- > **Altitude:** Menor temp., pero máis humidade.
 - **Orientación:** as *avesedas* son máis frías e as ladeiras de *sotavento* son máis secas.
 - **Pendente:** Erosión do solo maior e difícil mecanización. Necesidade de facer *terrazas*.
- * A gandería e a explotación forestal adáptanse mellor aos relevos montañosos.

Relevos chans e fondos de val:


- Maiores temperaturas.
 - Máis fácil o traballo e a mecanización.
- Orientación:** As *solainas* son máis cálidas e as ladeiras de *barlovento* son máis húmidas.



FACTORES FÍSICOS: RELIEVE



Modifica el clima localmente



Dificulta el cultivo: solución terrazas o bancales

Factores físicos	Máis desfavorables para as actividades agrarias	Máis favorables para as actividades agrarias
Solo	- Os <u>solos pouco profundos</u> das vertentes e os <u>excesivamente ácidos ou básicos</u> resultan ser pouco fértiles e mesmo tóxicos para as plantas.	- Os <u>solos profundos</u> dos fondos de val ou de zonas con escasa pendente e os <u>que non son nin moi ácidos nin moi básicos</u> resultan ser máis fértiles.




S. Beck '01



Factores físicos	Máis desfavorables para as actividades agrarias	Máis favorables para as actividades agrarias
Vexetación natural	- A falta de vexetación natural fai difícil o aproveitamento gandeiro e a explotación forestal, polo que estas actividades dependen en gran parte da existencia desa vexetación natural.	



- **Relevo montañoso**, menos temperatura que nas zonas baixas... , a pendente dificulta o traballo agrícola, pois impide a mecanización e facilita a erosión do solo. O agricultor viuse obrigado a facer socalcos ou terrazas para aproveitar o espazo...



- **Relevo con escasa pendente**, que faría fácil o traballo agrícola, pero a aridez debida á escasez de precipitacións é a que dificulta a agricultura, son terras moi secas e mesmo aprécianse costras de sal que fan imposible o cultivo. Pode ser que esas terras se poidan aproveitar como pasto de rebaños...

C.2.2.- As actividades agrarias **dependen máis do medio físico** nos países pobres ou nos países desenvolvidos?

● Os **condicionantes que impón o medio físico sobre a actividade agraria** son moi importantes cando o ser humano dispón de escasos medios económicos e técnicos. Así, unha época de sequía ou unhas precipitacións torrenciais poden destruír as colleitas e provocar fame. Sen embargo, nas sociedades desenvolvidas a tecnoloxía e os recursos económicos fan posible loitar contra o medio: poden aplicar sistemas de regadío, uso de fertilizantes, cultivos de invernadoiro... para aumentar as súas colleitas.



C.3.- Factores humanos condicionantes da actividade agraria

C.3.1- Factores demográficos: Explica como pode influír o *crecemento* da poboación no espazo agrario dunha zona.

C.3.2- Factores sociais: Nomea os diferentes *tipos de propiedade da terra* e explica ademais a diferenza entre a o *réxime de explotación directo e indirecto* da terra.

C.3.3- Factores económicos:

Explica como inflúe o *tipo de economía* sobre a actividade agraria.

C.3.4- Factores tecnolóxicos:

Completa o cadro ou que explica as *diferenzas nos medios tecnolóxicos* das sociedades agrícolas tradicionais e as desenvolvidas.




C.3.- Factores humanos condicionantes da actividade agraria

C.3.1- Factores demográficos: Explica como pode influír o *crecemento* da poboación no espazo agrario dunha zona.

- O crecemento da poboación supón a necesidade de aumentar o espazo adicado á actividade agraria a custa do espazo natural, provocando así unha grave deforestación. Para lograr obter máis colleitas se intensifican os cultivos, abandónase o barbeito, úsanse produtos químicos..., o que pode levar á sobreexplotación das terras.



- A perda de poboación agraria pode favorecer o abandono dos cultivos e o incremento da degradación ambiental.



C.3.2- Factores sociais: Nomea os diferentes *tipos de propiedade da terra* e explica ademais a diferenza entre a o *régime de explotación directo e indirecto* da terra.


● A propiedade da terra

- Privada {
 - Individual
 - Cooperativa, sociedade empresarial
- Colectiva {
 - Tribo
 - Municipio
 - Estado



● O régime de explotación da terra

- Directo {
 - O dono explota a terra directamente ou contrata a traballadores asalariados
- Indirecto {
 - O dono cede as terras a outra persoa
 - A cambio de diñeiro: *arrendamento*
 - A cambio dunha parte da colleita: *parcería*



C.3.3- Factores económicos: Explica como inflúe o *tipo de economía* sobre a actividade agraria.

- O tipo de economía exerce unha gran influencia sobre a actividade agraria e reflíctese na variedade da produción.



ECONOMÍA DE SUBSISTENCIA	ECONOMÍA DE MERCADO
<ul style="list-style-type: none">- Produce só para o autoconsumo e non comercializa os produtos.- Fai uso do policultivo, que soen combinar co gando.- Emprega técnicas tradicionais.	<ul style="list-style-type: none">- Comercializa os excedentes.- Fai uso do monocultivo especializado.- Emprega técnicas modernas.



Paisaxe agraria en Israel

C.3.4- Factores tecnolóxicos: completa o cadro ou que explica as *diferenzas nos medios tecnolóxicos* das sociedades agrícolas tradicionais e as desenvolvidas.

- O grao de evolución tecnolóxica inflúe na actividade agraria.

	AGR. TRADICIONAL	AGR. MODERNA
ÚTILES AGRÍCOLAS	- Pau cavador, fouce, arado... →moita man de obra	- Tractores, colleitadoras, muxidoiras, ... →pouca man de obra
TÉCNICAS AGRÍCOLAS	- Para aumentar a fertilidade do solo recorren ao barbeito ou ao uso de fertilizantes naturais. - Sistemas de regadío tradicionais. - Terrazas ou socalcos nos terreos en pendente. - Gandería extensiva tradicional.	- Uso de produtos químicos para aumentar a fertilidade do solo e de pesticidas, herbicidas... para combater as pragas. - Sistemas de regadío modernos e menos consumidores de auga: goteo, aspersion... - Sementes e razas seleccionadas para aumentar os rendementos. - Técnicas de cultivo modernas: cultivos hidropónicos, cultivos baixo plástico, enarenados...



C.3.5- As políticas agrarias: Cal é o obxectivo das políticas agrarias máis habituais?

- As máis habituais son as reformas agrarias que pretenden conseguir un **reparto máis equilibrado da terra** e as encamiñadas a **incrementar a modernización** e a **competitividade**, como é o caso da PAC, *Política Agrícola Común Europea*.

